


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

2-6 de novembro do 2024

Lecturas propias para día de defuntos



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 **nº 3** *Unha xuntanza de amor*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Hoxe xuntámonos para lembrar. Para lembrar a aquelas persoas que nos deixaron. Algunhas delas pode que recentemente, e aínda as levamos moi preto do noso corazón, con dor e tristura. Outras quizais non tan recentemente, pero seguímolas tendo presentes, porque dun xeito ou doutro, marcaron a nosa vida. Hoxe é un día para lebralas a todas. Porque non vivimos solos, non somos un mundo illado, a nosa vida está chea doutras vidas, está formada por todo o que camiñamos, por todo o que compartimos, por todo o que podemos vivir xuntos.

Con este espírito, comezamos a nosa celebración, que nos chama a consolidar a nosa confianza no Deus da VIDA, no Deus que acolle a todos os seus fillos.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Busquemos dende xa a Cristo Resucitado e invoquemos a súa misericordia pedindo perdón:*

Monitor/a

✓ Pedimos perdón, Señor, polas veces que as nosas dúbidas nos alonxan da esperanza que Deus nos ofrece. Señor, alenta a nosa esperanza

✓ Pedimos perdón, Señor, polas veces que non temos acertado a acompañar a quen sofre a morte moi preto de si. Cristo, alenta a nosa esperanza

✓ Pedimos perdón, Señor, polas veces que coas nosas palabras e feitos somos máis signos de morte que de vida. Señor, alenta a nosa esperanza

Celebrante: *Deus, Pai agarimoso, ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, e dos que xa non están con nós. A todos, confiamos que o Señor nos concede o perdón e nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentándolle humildemente a Deus o que rebule no noso interior, e pousemos nas súas mans todas as lembranzas coas que hoxe nos achegamos.*

(Silenzo)

Celebrante:

Deus, Noso Pai,
escoita con bondade as nosas prearias.

Fai que ao profesarmos a nosa fe no teu Fillo a quen Ti resucitaches de entre os mortos, aumente en nós a esperanza de que tamén resucitan os teus fillos e fillas defuntos.

Pedímoscho polo noso Señor Xesucristo, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante:

Na primeira lectura que hoxe imos escoitar, Pedro, fálanos de Xesús, e dinos que pasou pola vida facendo sempre o ben, e que Deus Pai resucitouno.

Que máis se pode esperar?

No evanxeo acompañamos a Madalena, a primeira que cando chega ao sepulcro e descobre que está baleiro. E acompañando a Xoán poderemos dar a nosa palabra de fe, pois el “viu e creu” e nós damos fe de que Cristo está RESUCITADO.

Escoitamos.

No Leccionario propio

Feit 10, 34-43

LECTURA

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

Daquela, tomou Pedro a palabra e dixo:

Vós sabedes o que pasou en toda a Xudea, comezando desde Galilea, despois do bautismo que Xoán predicou: como Deus unxiu con Espírito Santo e con poder a Xesús de Nazaret, que pasou facendo o ben e curando a todos os que estaban asoballados polo mal; pois Deus estaba con el. E nós somos testemuñas de todo o que fixo no país dos xudeus e mais en Xerusalén. Matárono, colgándoo dun madeiro.

A este resucitouo Deus ao terceiro día e concedeulle que se deixase ver, non de todo o pobo, senón das testemuñas escollidas de antemán por Deus: nós que comemos e bebemos con el, logo de que resucitou de entre os mortos. E mandounos que predicásemos ao pobo e atestemos que el é quen foi constituído por Deus xuíz de vivos e de mortos. El é de quen todos os profetas dan este testemuño: todos os que crean nel recibirán polo seu nome o perdón dos pecados.

Palabra do Señor

🎵 *nº 50 Na tardiña baixa da vida* **SALMO**

(en pé) No Leccionario propio Xn 20, 1-9 **EVANXEO**

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela, o día primeiro da semana María a Magdalena foi ao sepulcro moi cedo, cando aínda era escuro, e viu que a pedra do sepulcro estaba quitada. Botou a correr e, chegando onda Simón Pedro e onda o outro discípulo a quen amaba Xesús, díxolles:

- Colleron do sepulcro o corpo do Señor, e non sabemos onde o puxeron.

Pedro e mailo outro discípulo saíron correndo cara ao sepulcro. Corrían os dous á par.

Pero o outro discípulo correu máis lixeiro ca Pedro, e chegou primeiro ao sepulcro. Abaixándose, viu que estaban os lenzos, pero non entrou. Entón chegou tamén Simón Pedro, que o seguía, e entrou no sepulcro. Viu os lenzos pousados alí. Pero o sudario que envolvera a súa cabeza, non estaba cos panos, senón á parte, enrolado noutro lugar. Entón entrou tamén o outro discípulo, que chegara primeiro, ao sepulcro; viu e creu. (Pois aínda non entenderan que, conforme a Escritura, era preciso que resucitase de entre os mortos). Entón os discípulos voltaron para a casa.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Hoxe vale a pena lembrar

* Se temos tempo e nos apetece, hoxe podemos rebuscar no baúl dos recordos que temos na casa. Seguro que imos atopar fotos de persoas queridas que formaron parte da nosa vida.

Non se trata tanto de quedarnos na morte como de recordar todos eses momentos de vida que foron enchendo a nosa vida, mesmo sen darnos conta.

Trátase de lembrar esas pequeniñas cousas polas que hoxe estamos agradecidos con cada unha desas persoas.

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Cristo convídanos a proclamar a súa mesma confianza en Deus, e ao longo da historia son moitos os homes e as mulleres que proclamaron e morreron na mesma fe que agora queremos confesar nós no credo. Dicimos:

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

Crede en Deus,

o Pai da vida, que nos creou á súa imaxe e semellanza?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede en Xesús Cristo,

que nos demostrou na vida ser Señor e Irmán,
e que Resucitou para a nosa Salvación?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede no Espírito Santo,

que alenta no corazón

para Resucitarmos á vida con Deus?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede na Igrexa,

familia de todos os homes e mulleres

que peregrinamos cara o Reino do ceo?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Na lembranza de parentes, amigos e veciños nosos que, confiamos, están nas mans de Deus Pai, oremos dicindo:*

Señor da vida, escóitanos

Monitor/a

- ✓ Para que a Igrexa sexa sempre a luz que alumea nas escuridades que a morte acarrexaba. Oremos
- ✓ Por todas as persoas que están afundidas pola morte dalgún ser querido, para que pouco a pouco vaian descubrindo alento para vivir. Oremos
- ✓ Polas nosas comunidades, para que vivamos con agradecemento cada instante da nosa vida. Oremos
- ✓ Polas persoas maiores e polas que están enfermas, para que atopen á súa beira, o necesario para vivir e morrer dignamente. Oremos
- ✓ Polas persoas que traballan nos hospitais e nas residencias, para que desempeñen o seu traballo con tenrura e dignidade. Oremos
- ✓ Polas persoas que xa nos deixaron no camiño da vida, para que acaden a Resurrección con Cristo. Oremos

Celebrante: *Escoita Pai e fai que algún día desfrutemos da túa presenza á túa beira, onde a morte é vencida para sempre. Pedímoscho por Cristo noso Señor. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Ao Deus de todos, ao Deus que ofrece a súa man e o seu corazón de Pai, ao Deus que nos amosa en Xesús todo o seu amar, ao Deus que nos agasalla cunha vida resucitada máis alá da morte, rezámoslle dicindo:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: *A esperanza que ven de Deus e que nós transmitimos é unha opción fundamental pola vida, unha vida que vai máis alá das nosas mans, e que hoxe compartimos.*

Con esperanza pedímoslle a Deus Pai que acolla a todos os defuntos, e que os faga merecentes da súa paz. E nós coma irmáns tamén aquí compartimos paz.

COMUÑÓN

Celebrante: *Os discípulos tiveron que ir descubrindo pouco a pouco a esperanza de VIDA de Xesús. Para El a morte non é a fin, a morte é unha porta que pecha esta vida pero que se abre á VIDA RESUCITADA. Só co sepulcro baleiro o apóstolo viu e creu.*

Sintámonos orgullosos por vivir a fe a exemplo de Xesús na esperanza da VIDA máis alá da morte, e orgullosos tamén por poder enchernos de vida con este pan do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 89 Cantares de Resurrección**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, por esta celebración que acabamos de compartir, deita xenerosamente a túa misericordia sobre os teus fillos e fillas defuntos e dálles a plenitude dos gozos eternos.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

Xesús é para todos unha esperanza de vida que vai máis alá da morte. Con Cristo todos estamos vivos.

As palabras coas que hoxe temos rezado nos axuden a medrar no agradecemento a todas as persoas que sementaron o evanxeo nesta parroquia que hoxe nós compartimos. Coa esperanza na RESURRECCIÓN:


Dálles † Señor o descanso eterno.

Brille sobre eles a luz eterna.

Descansen en paz. Amén

Eles, que pasaron por esta parroquia, e todos os fieis defuntos que botamos de menos, descansen en paz. Amén.

E que o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao fogar da vida eterna. Amén.



**“Entón entrou o discípulo,
ao sepulcro baleiro;
VIU E CREU”**

*Palabras do evanxeo
de hoxe*